

ACTA DE APERTURA E CALIFICACION DE DOCUMENTACION

En Oroso, sendo as 14:00 horas do día 11 de agosto de 2008 na Casa Consistorial constitúese a Mesa de Contratación, neste acto para proceder á apertura en acto público da documentación contida no sobre B e C na contratación mediante procedemento aberto, con pluralidade de criterios, tramitación ordinaria do “Contrato do servizo do programa Bos Días Cole”.

Preside D. José Manuel Pérez Penas, Alcalde en funcións, coa asistencia coma vogais de D. Vanesa Reboredo Fraga, concelleira de réxime interior, economía e facenda, ensino, patrimonio e comercio, D. Dalmiro Núñez Méndez (secretario do Concello), D. Felix Manuel Carrasco del Pozo (interventor do Concello) e D. Manuel Suárez Bermudez (técnico municipal).

Actúa como secretaria, a funcionaria municipal D^a Ana M^a Liñares Castro.


1.- RELACIÓN DE EMPRESAS ADMITIDAS E EXCLUIDAS DA LICITACIÓN

A Mesa, en función da documentación aportada polos licitadores nos respectivos **Sobre B**, substituído **“CAPACIDADE PARA CONTRATAR”** e de conformidade coa acta da mesa de data 30 de xullo de 2008 na que se calificou a documentación presentada e outorgouse un prazo de tres días hábiles a partires dende a colocación da acta no taboleiro de anuncios da corporación e no perfil do contratante que foi realizada o 1 de agosto de 2008, fai a seguinte relación de empresas admitidas e excluídas definitivamente da licitación, de conformidade co artigo 15.2 do prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por Resolución de Alcaldía de data 9 de xuño de 2008.

- A documentación presentada por **SERVICIOS INTEGRAIS DE FORMACIÓN S.C.** é correcta. Por conseguinte a Mesa acorda admitila ao proceso de licitación.
- A documentación presentada por **Xestión Cultural Aurea, S.L.** non é correcta porque presenta unha declaración de ampliar o importe da póliza de responsabilidade civil de 150.000 euros ata 300.000 euros para acreditar a solvencia económica cando debería presentar unha póliza de seguros de responsabilidade civil por importe mínimo de 300.000 euros por prexuízo ou sinistro que cubra os posibles danos ocasionados na prestación do servizo ao alumnado e Concello. Por conseguinte a Mesa acorda excluíla do proceso de licitación.

Sendo as 14: 15 horas, a Mesa da por terminado o acto. De todo o transcrito nesta acta, que asinan o presidente e os vogais, eu secretaria da Mesa, dou fé.

O presidente



Os vogais



A secretaria

